

**NOTA DE PRENSA 064/23  
18 DE AGOSTO DE 2023**

**O RALLYE DE FERROL RETORNA AO CAMPIONATO GALEGO CON 86  
EQUIPOS NA LISTA DE INSCRITOS**

O Campionato Galego de Rallyes non se detén. Esta fin de semana, en concreto os días 19 e 20 de agosto, o Rallye de Ferrol retorna ao Campionato Galego de Rallyes cunha lista de 86 equipos, incluída a presenza do Clio Trophy Galicia e o Criterium Galicia Recalvi.

Dúas xornadas de competición sobre unhas especiais ben coñecidas polos afeccionados galegos, que poderán asistir ao retorno de Víctor Senra e David Vázquez ao Skoda Fabia Rally2, logo de participar na primeira metade do certame co imponente Citroën C3 WRC.

Para plantarlle cara aos favoritos e vixentes campións galegos, visita de Joan Vinyes e Jordi Mercader co Hyundai I20 Rally2 e presenza doutros equipos como os formados por Pablo Rey e Luis Hernández ou Roberto Blach e Mauro Barreiro, que competirán na cita ferrolana a modo de test dentro do seu programa no JWRC.

Ademáis, a proba ferrolana tamén será puntuable para o Clio Trophy Galicia que lideran Diego Félix e Raquel Rodríguez e o Criterium Galicia Recalvi, no que marchan en cabeza Adrián Vázquez e Melisa Lorenzo.

A actividade comezará este sábado pola mañá co shakedown da proba, a partir das 11:00 horas.

Os catro primeiros treitos cronometrados comezarán pola tarde, dende as 17:00 horas. O domingo, coas cámaras da TVG2 retransmitindo dúas especiais en directo, ás 10:30 e as 14:00 horas.

A entrega de premios será na Avenida de Esteiro ás 15:30 horas.